

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PERSOAL

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital (9 de setembro de 2021)

## REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, en calidade de Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS), con CIF Q1500412J e domicilio social en Avda. Fernando de Casas Novoa, edificio CNL, nº 37, portal A-B, 1ª planta, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), en nome e representación da mesma e en virtude das facultades que lle confire o artigo 11 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

E, doutra parte, don Luis Verde Remeseiro, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Profesor Novoa Santos, en virtude do seu cargo como titular da Xerencia da Área Sanitaria de A Coruña y Cee, segundo se establece no artigo 16.2.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación Profesor Novoa Santos, fundación inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 1991.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica e lexitimación suficiente para subscribir este convenio de colaboración, e

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que polo decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS), adscrita á consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

**Segundo.-** Que a Fundación Profesor Novoa Santos (en adiante a Fundación), con domicilio no Hospital Materno Infantil Teresa Herrera en A Coruña, ten o obxecto de impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización doutras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego.

O obxecto deste desenvolvemento fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante a colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

**Terceiro.-** Que, dentro das súas competencias, a formación continuada dos profesionais do Sistema público galego de saúde é unha prioridade para a ACIS de acordo co unha serie de principios como son:

- Diseñar e renovar de maneira continuada unha oferta de actividades que acheguen valor aos profesionais de todas as áreas e especialidades a través de coñecemento aplicable á súa práctica diaria.
- Mellorar a capacidade de todos os profesionais, independentemente das súas funcións, para a xestión, a adaptación e o liderado nos procesos de transformación que permiten que o sistema de saúde evolucione de forma áxil e efectivo.
- Incrementar a calidade e a competitividade do conxunto do sistema a través da mellora da produtividade e das competencias de cada un dos seus profesionais.
- Intensificar a motivación e o nivel de compromiso das persoas que traballan ao servizo do sistema sanitario.

Dentro da súa actividade, ACIS oferta cursos na modalidade de autoformación aos profesionais do Sistema público galego de saúde, coa que facilita o acceso á formación en materias concretas, con accesibilidade e aprendizaxe autónoma. Se trata de cursos que se imparten en liña pero, a diferenza dos cursos de teleformación tradicionais, non precisan de titores, polo que o proceso de aprendizaxe se realiza de xeito autónomo, coa posibilidade de acceder aos contidos sen restrición de días ou de horarios, dentro do período de dispoñibilidade que se sinala para cada unha das actividades formativas.

A oferta desta actividade formativa é cada vez maior e, en moitos casos, se tratan de materias de carácter horizontal que poden ser tamén de interese para o persoal da Fundación.

**Cuarto.-** Que ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e fomentar canais de comunicación comúns e ofrecer aos profesionais da Fundación unha formación avanzada e de calidade.

**Quinto.-** Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou de outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En virtude do anterior, as partes asinan o presente convenio de colaboración co fin de participar no logro dos obxectivos manifestados, que se rexerá polas seguintes,

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é establecer fórmulas de colaboración entre as partes no ámbito formativo e fomentar canais de comunicación comúns, ofrecendo aos profesionais da Fundación unha formación avanzada e de calidade.

Para iso ACIS comprométese a incorporar aos profesionais da Fundación á participación nas actividades de autoformación que ambas partes acorden. Á Fundación lle corresponderá ofertar estas actividades de formación os seus profesionais e deberá cumprir cos requisitos de identificación dos mesmos e as instrucións de acceso que sexan requiridas por ACIS, podendo esixirse a previa inscrición durante os períodos que se establezan. O acceso a esta actividade se levará a cabo a través do acceso á Aula Virtual da ACIS, ou do mecanismo que por esta entidade se estableza, que está dispoñible dende calquera ordenador con conexión a internet, e que precisará a identificación do alumno que acceda dende fóra da rede do Sergas, utilizando Chave365, Certificado Dixital ou DNI electrónico.

Por parte de ACIS certificarase á realización dos cursos de autoformación aos profesionais da Fundación que cumpran cos requisitos que se deben cumprir para completar correctamente cada curso concreto.

Ambas partes aceptan difundir a convocatoria destas actividades a través dos medios que se consideren necesarios para promover o coñecemento das mesmas entre os distintos interesados, tendo que indicar nesa difusión a referencia a esta colaboración.

Se así se considera axeitado polo contido das actividades de formación de que se traten, ACIS autoriza á Fundación a incorporar estas actividades ao Plan de Formación da mesma e podendo estas ter carácter voluntario ou obrigatorio para os traballadores de acordo co que se considere por parte da Fundación.

Este convenio non xerara obrigas económicas para ningunha/ás das partes que o asinan.

### **Segunda.- Natureza xurídica**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

### **Terceira.- Propiedade intelectual**

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade das partes.

### **Cuarta.- Protección de datos**

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes se comprometen a gardar a mais estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluída a presente colaboración.

### **Quinta.- Non exclusividade**

Este convenio non limita as partes para establecer acordos de colaboración con outros terceiros, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto do mesmo.

### **Sexta.- Vixencia e causas de resolución**

O presente Convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será de dous anos, podendo ser prorrogable de común acordo por outro período de dous anos cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto así o aconsellen. No caso de prórroga, formalizarase por escrito.

Será causa de resolución do presente Convenio:

- O acordo expreso e por escrito das institucións asinantes.
- O incumprimento das obrigas que a cada parte corresponden previa reunión do Consello Reitor.
- O transcurso do prazo de vixencia pactado.

### **Sétima.- Réxime de modificación do convenio**

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

### **Oitava.- Comisión de seguimento**

No caso de dúbidas ou desavinzas na interpretación deste convenio, calquera das partes asinantes poderá instar a creación dunha Comisión de Seguimento, para dirimir as mesmas, que se reunirá a instancia de calquera delas e que estará formada polos seguintes representantes:

Pola ACIS: A persoa que ostente a Xerencia ou persoa en quen delegue.

Pola Fundación: A persoa que asine o convenio ou persoa en quen delegue.

### **Novena.- Xurisdición**

Este convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan presentar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

### **Décima.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no artigo 46 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan o presente convenio de colaboración no lugar expresado no encabezamento.

<b>Pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,</b>	<b>Pola Fundación</b>
<b>Asdo.: Julio García Comesaña</b>	<b>Asdo: Luis Verde Remeseiro</b>